



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A CRUZ VERMELLA DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE SOPORTE PSICOSOCIAL A PERSOAS MAIORES QUE EXERCEN LABORES PARENTAIS CON MENORES DE IDADE A TRAVÉS DUNHA ESCOLA DE AVÓS E AVOAS EDUCADORES/AS (PROGRAMA AVÓS/AS COIDADORES/AS)**

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa entidade Cruz Vermella de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a consellería de Política Social e a entidade Cruz Vermella de Galicia para o desenvolvemento dun Programa de apoio psicosocial a persoas maiores que exercen labores parentais de coidado e crianza de netos e netas a desenvolver nos centros sociocomunitarios dependentes desta consellería.

Que existe converxencia de interese entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, considera conveniente a sinatura dun convenio de colaboración para o desenvolvemento dun programa de apoio psicosocial a persoas maiores que exercen labores parentais de coidado e crianza de netos e netas .





O carácter singular deste instrumento sen convocatoria pública, xustifícase na exclusión da concorrència pois a entidade Cruz Vermella de Galicia Roja Española da Coruña é a única que desenvolve este programa, o que fai que non sexa posible promover a concorrència pública de cara á concesión dunha subvención para tal fin.

A entidade Cruz Vermella de Galicia é unha entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co nº E-23, que orienta o seu labor, entre outros, ao ámbito da familia e da infancia, sector comprendido no ámbito competencial desta Consellería de Política Social.

Que esta entidade conta con longa experiencia no traballo social con diferentes colectivos, e promove a defensa das familias na súa integridade e da persoas maiores en particular e ven desenvolvendo un programa de apoio de apoio psicosocial a persoas maiores que exercen labores parentais de coidado e crianza de netos e netas.

Que os interese converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 5 de agosto de 2016 .

